



Dositeo López Pardo (1899-1934), un case descoñecido xesuíta galego mártir en China. Algunhas notas biográficas



Manuel Cabada Castro¹

Ouvinlle falar por primeira vez hai algúns meses a Xosé María Pin Millares da existencia do xesuíta Dositeo López Pardo e quedei un tanto sorprendido da miña ignorancia sobre o tema. O que case máis me estrañou foi non atopar tampouco no Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia –creado polo eminente historiador Evaristo Rivera Vázquez mentres residía no Colexio Apóstolo Santiago de Vigo– ningunha referencia a tal personaxe nunha carpeta, aínda que reducida, que el tiña dedicado a xesuítas nados en Galicia.

Foi así como comezaron as seguintes modestas pescudas sobre Dositeo López Pardo que, polos datos de que ata agora se dispón, foi capturado en China polas milicias comunistas e moi probablemente asasinado posteriormente por eles cando cumpriría ou estaría para cumprir 35 anos.

Dito isto, limitareime a informar aquí brevemente ós lectores sobre os datos que –coa imprescindible axuda de diversos informantes²– acadei reunir sobre el, co fin de que a súa persoa non fique por máis tempo agachada nos esquecidos sotos da historia.

Dositeo naceu en Gulpilleiras, lugar da parroquia de Santa María de Piñeira, pertencente ó concello da Fonsagrada (provincia de Lugo).

1 Manuel Cabada é xesuíta e filósofo.

2 Ademais dos nomes citados explicitamente ó longo do texto, quero agradecer aquí tamén as atentas informacións recibidas de Manuel Revuelta González, Roberto Villasante Meso, Pedro Llobell Fernández e Luis González Fernández.